Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA OITAVA DO TRIBUNAL

Data:	Día 16/11/2026, ás 10:00 horas. Reunión telemática
Proceso:	OEP: 2023 Proceso selectivo: Funcionario, oposición, praza de Auxiliar Administrativo (código 4005) Publicación convocatoria: sede electrónica, 01/06/2026; BOP 102, 02/06/2026; DOG 105 do 08/06/2026; BOE 142 do 11/06/2026
Expediente:	2026/E001/000010

No día e hora indicados, reúnense de xeito telemático, os seguintes membros do Tribunal Cualificador, designado para o proceso selectivo referenciado (Resolución de Alcaldía núm. 453 do 04/08/2026):

Presidencia: Patricia Fernández Pérez
Secretaría: Paula Ares Otero
Vogalía 1ª: Jorge Boado Fernández
Vogalía 2ª: Mª Teresa Cid Poza
Vogalía 3ª: Guillermo José Fernández López

Antecedentes:

Primeiro: A relación definitiva de aspirantes admitidos/excluídos foi a aprobada por Resolución da Alcaldía 493/2026 do 21/08/2026 e publicada no Taboleiro da sede electrónica o día 21/08/2026.

Segundo: O día 27/08/2026 tivo lugar a primeira reunión do Tribunal Cualificador, na que se levou a cabo a constitución formal do mesmo, a manifestación da non concorrencia de posibles causas de abstención ou recusación nos membros do Tribunal e o reparto do temario para formular as preguntas das que está composta a PRIMEIRA PROBA da fase de oposición. A Acta Primeira foi publicada o día 27/08/26 14:30:05 horas no Taboleiro da sede electrónica.

Terceiro: A Resolución da Alcaldía núm. 453 do 04/08/2026, fixa o día de celebración da PRIMEIRA PROBA (Base 10.2) da fase de oposición: Martes, 8 de setembro de 2026, ás 10:00 horas no Pavillón Polideportivo Pilar Barreiro Senra (Lousame)

Cuarto: O día 08/09/2026 tivo lugar a celebración da PRIMEIRA PROBA (Base 10.2) da fase de oposición, cuxo desenvolvemento quedou reflectido na Acta Segunda do Tribunal, da mesma data. A Acta Segunda foi publicada o día 10/09/26 13:00:00 horas no Taboleiro da sede electrónica.

Quinto: O día 17/09/2026 tivo lugar a corrección da PRIMEIRA PROBA (Base 10.2) da fase de oposición, cuxo desenvolvemento quedou reflectido na Acta Terceira do Tribunal, da mesma data. Nesa sesión quedou fixada a data de apertura de códigos da PRIMEIRA PROBA (22/09/2026) e o día de celebración da SEGUNDA PROBA da fase de oposición: Martes, 20 de outubro de 2026, ás 10:00 horas, na Casa de Cultura do Concello de Lousame. A Acta Terceira foi publicada o día 21/09/26 13:30:01 horas no Taboleiro da sede electrónica.

Sexto: O día 22/09/2026 tivo lugar a apertura dos Sobres Medianos que identifican os códigos alfanuméricos con cada aspirante, cuxo desenvolvemento quedou reflectido na Acta Cuarta do Tribunal, da mesma data. A Acta Cuarta foi publicada o día 22/09/26 15:30:00 horas no Taboleiro da sede electrónica.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

CVD: 9R52lr+XuGNWsR2MLEFe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Sétimo: O día 20/10/2026 tivo lugar a celebración da SEGUNDA PROBA (Base 10.2) da fase de oposición, cuxo desenvolvemento quedou reflectido na Acta Quinta do Tribunal, da mesma data. A Acta Quinta foi publicada o día 21/10/26 13:30:07 horas no Taboleiro da sede electrónica.

Oitavo: O día 30/10/2026 tivo lugar a corrección da SEGUNDA PROBA (Base 10.2) da fase de oposición, cuxo desenvolvemento quedou reflectido na Acta Sexta do Tribunal, da mesma data. A Acta Sexta foi publicada o día 02/11/26 12:30:08 horas no Taboleiro da sede electrónica.

Noveno: O día 03/11/2026 tivo lugar a apertura dos Sobres Medianos que identifican os códigos alfanuméricos con cada aspirante, cuxo desenvolvemento quedou reflectido na Acta Sétima do Tribunal, da mesma data. A Acta Sétima foi publicada o día 03/11/26 11:30:00 horas no Taboleiro da sede electrónica.

Innecesariedade de realizar a TERCEIRA PROBA da fase de Oposición:

Segundo a Base núm. 10.2, a TERCEIRA PROBA DA fase de oposición:

A súa finalidade é avaliar o coñecemento do galego polos aspirantes. Consistirá na realización dunha proba escrita, sen prexuízo de que por parte do tribunal se poidan levar a cabo preguntas a fin de avaliar, igualmente, a expresión oral en galego do/a aspirante, nun tempo máximo de 30 minutos.

Terá carácter obrigatorio, e eliminatorio, agás para aqueles opositores que na solicitude de admisión no proceso selectivo declarasen estar en posesión do certificado CELGA nivel 3 ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 3 segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola ORDE do 10 de febreiro de 2014, ou estar en condicións de obtelos coma máximo á data de remate de presentación de instancias

Así, o Tribunal procede á comprobación desta circunstancia para as súas aspirantes que superaron a SEGUNDA PROBA da fase de oposición, co seguinte resultado:

Aspirante	NIF	Posesión de CELGA 3 ou superior	TERCEIRA PROBA
Yénifer Ordóñez Laíño	***8342**	CELGA 4	Exenta
María Jesús Rey Iglesias	***0056**	CELGA 4	Exenta

CUALIFICACIÓN FINAL

Segundo a Base núm. 10.2:

A cualificación definitiva de cada aspirante na fase de oposición será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición.

De tal xeito que, despois de rematar as probas, o Tribunal proporá como aspirante a ser nomeado funcionario de carreira, a aquel que obtivera a maior puntuación de acordo co sinalado no parágrafo anterior.

Este aspirante será o único que supere o proceso selectivo. O Tribunal non poderá en ningún caso declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Calquera proposta do Tribunal que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

CVD: 9R52lr+XuGNWsR2MLEFe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A cualificación definitiva de cada aspirante na fase de oposición é a seguinte:

Aspirante	NIF	PRIMEIRA PROBA	SEGUNDA PROBA	TERCEIRA PROBA	CUALIFICACIÓN FINAL
Yénifer Ordóñez Laíño	***8342**	19,35	13,00	Exenta	32,35
María Jesús Rey Iglesias	***0056**	17,20	10,50	Exenta	27,70

PROPOSTA DE NOMEAMENTO E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN:

Segundo a Base núm. 11:

Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública, mediante anuncio no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame, a relación das puntuacións dos aspirantes, ordenados en función da cualificación final obtida por cada un deles, segundo o regulado na Base 10. Esta relación incluirá a proposta á Alcaldía de nomeamento de funcionario de carreira en favor do aspirante que obtivera a maior cualificación final. A proposta do Tribunal ten carácter vinculante para a Alcaldía

Polo tanto, na aplicación da Base núm. 11 o Tribunal, por unanimidade dos seus membros ACORDA:

Primeiro: Propoñer a **YÉNIFER ORDÓÑEZ LAÍÑO**, con NIF *****8342****, para o nomeamento como **funcionaria de carreira, AUXILIAR ADMINISTRATIVO**, praza incluída na **OEP** correspondente ao ano **2023** (BOP núm. 243 do 22/12/2023 e BOP núm. 179 do 19/09/2025)

Segundo: A aspirante proposta achegará no **prazo máximo de 10 días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da Cualificación Final no taboleiro de edictos da sede electrónica, os documentos seguintes:

1º.- Copia do título académico esixido na base 5ª ou, no seu defecto, certificado do órgano educativo competente que acredite a superación de todas as asignaturas ou créditos ECTS esixidos e, no seu caso, o abono das taxas académicas correspondentes á expedición do título.

2º.- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público.

3º.- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

4º.- Comunicación do número de afiliación á seguridade social.

5º.-Certificación de número de conta bancario expedido pola entidade bancaria, aos efectos de ingreso dos haberes mensuais.

Terceiro: No mesmo prazo anterior ou noutro que lle indique o Concello, a aspirante proposta someterase a **recoñecemento médico** polos servizos do Concello, para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

CVD: 9R52lr+XuGNWsR2MLEFe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN:

Segundo a Base núm. 12:

Concluído o proceso selectivo, e achegada a documentación necesaria, o aspirante seleccionado, será nomeado pola Alcaldía como funcionario de carreira.

A resolución de nomeamento deberá ser notificada ao interesado, que deberá tomar posesión dentro do prazo máximo e improrrogable de 1 mes, a contar dende a recepción da notificación.

A estes efectos, e para poder proceder á súa alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social, deberá presentar comunicación ante o Concello de Lousame indicando o día concreto no que tomará posesión dentro do prazo anterior. Esta comunicación debe facerse, como mínimo, con 2 días hábiles de antelación ao día no que pretenda tomar posesión.

De igual xeito, ordenarase a publicación do nomeamento no Taboleiro da sede electrónica, no Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia, co réxime de recursos que proceda.

E non habendo outros asuntos que tratar, levántase a sesión, ás 10:45 horas, estendéndose a presente Acta, que en proba de conformidade, asina electronicamente cada membro do Tribunal.

CVD: 9R52lr+XuGNWsR2MLEFe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).